

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS) E A FUNDACIÓN XAIME QUESADA BLANCO PARA A CESIÓN DE USO DE CADROS PARA A SÚA EXPOSICIÓN NO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE.

En Ourense, a 26 de decembro de 2017

REUNIDOS:

Dunha parte, **D. Jesús Vázquez Almuiña**, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de conformidade cos Decretos 41/2013 de 21 de febreiro (modificado por Decreto 33/2014, de 6 de marzo) e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno e na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Doutra parte, **D^a María Jesús Blanco Piñeiro**, con D.N.I. nº 33.088724G Presidente da Fundación Xaime Quesada Blanco, entidade sen ánimo de lucro, domiciliada en Paradela, LG. Vilar das Tres (32103), con C.I.F. G-32.366.940. Fundación constituída en escritura pública o día 26 de abril de 2007, ante o Notario de Vigo, D. Luís Rajoy Brey, co número 599 do protocolo e clasificada como mixta por Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, do 29 de maio de 2007 (D.O.G. nº 109, do 7 de xuño) e declarada de interese galego, por Orde da Consellería o 18 de xuño de 2007 (D.O.G. nº 118, do 20 de xuño), figura inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, baixo o número 2007/5.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal para obrigarse e subscribir este convenio, e para estes efectos.

EXPOÑEMOS

1.- De conformidade co previsto no artigo 92 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde configúrase como organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, creado por Lei 1/1989, de 2 de xaneiro do Servizo Galego de Saúde, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o adecuado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- Que a Fundación Xaime Quesada Blanco, segundo dispón o artigo seis dos seus estatutos, ten como obxecto, entre outros:

Preservar o patrimonio artístico de Xaime Quesada Blanco e Xaime Quesada Porto e a súa unidade como parte do patrimonio desta Fundación, e que formará parte do patrimonio artístico de Galicia.

Fomentar o coñecemento da obra pictórica e escultórica de Xaime Quesada Blanco e Xaime Quesada Porto e preservar a súa memoria artística dentro da historia da arte contemporáneo de

Galicia e participar na súa difusión no ámbito de Galicia, España, Europa e no resto do mundo.

Promover a creación dun Museo de Arte Contemporáneo e participar na súa xestión xunto coas institucións que se determinen, que teñan como obxectivo principal a conservación, a exposición e a difusión da obra de Xaime Quesada Porto e Xaime Quesada Blanco e toda aquela que forme parte do patrimonio da Fundación.

Calquera outro fin que o padroado considere de interese relacionado coa cultura artística.

I. Que a Fundación Xaime Quesada Blanco, conforme ao acordo do padroado do día 29 de xuño de 2017, cede o uso de forma gratuíta ao Servizo Galego de Saúde de vinte e dúas obras de Jaime Quesada Porto e tres de Xaime Quesada Blanco, para a súa exposición no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, co fin de dar a coñecer e difundir a obra dos citados artistas.

II. Que o Servizo Galego de Saúde está interesado en expoñer no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense as obras de Jaime Quesada Porto e de Xaime Quesada Blanco, obxecto de cesión gratuíta, que se relacionan no Anexo 1 deste Convenio.

III Sendo concorrente os intereses das dúas partes, resulta conveniente a colaboración entre ambas, polo que acordan outorgar o presente convenio de colaboración sobre a base das seguintes:

CLAÚSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é a cesión de uso, ao Servizo Galego de Saúde (Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras), neste mesmo acto, das obras que se relacionan no Anexo I deste Convenio, para proceder a súa exposición pública nos espazos que a Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras pon a súa disposición no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

A exposición está composta por 25 obras que figuran no Anexo I do Convenio no que se detalla, así mesmo, a súa colocación, características e valoración.

SEGUNDA: OBRIGAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

O Servizo Galego de Saúde se compromete e obriga a:

- a) Adoptar as medidas necesarias para a conservación das obras durante toda a duración do convenio.
- b) Responder pola perda ou deterioro das obras, por causas imputables ao Servizo Galego de Saúde, durante a duración do convenio.
- c) Comunicar a Fundación calquera traballo de mantemento ou conservación que puidera xurdir, así como calquera dano ou deterioro que sexa observado nas obras, tan pronto sexa detectado.
- d) Permitir que o profesional designado pola Fundación, poida verificar periodicamente o axeitado estado de conservación das obras.
- e) As obras non se desmontarán do seu soporte nin serán limpadas nin trasladadas, se estiveran

danadas, agás:

1) Permiso expreso da Fundación cedente.

2) Cando sexa imperativo por razóns de seguridade das obras.

f) Os cadros que a Fundación Quesada cede, estarían cubertos como bens asegurados pola póliza de danos subscrita coa Cía. XXXXXXXXXX, que asegura todos os bens propiedade da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seus Organismos Autónomos e as Axencias Públicas, así como todos aqueles cuxo uso ou desfrute ostenten, xa sexan en concepto de cesión, precario ou calquera outro título.

g) O Servizo Galego de Saúde se compromete a respectar, escrupulosamente, os dereitos da Fundación sobre as súas obras e se compromete tamén a informar, cando así o requira a Fundación, sobre a situación na que se atopan as obras e a súa localización.

h) Para calquera outro tipo de exhibición, reprodución, comunicación pública ou cesión das obras, así como para realizar calquera outro tipo de modalidade de explotación, o Servizo Galego de Saúde, deberá solicitar a autorización expresa e por escrito da Fundación cedente .

i) Informar a Fundación, de calquera eventualidade que se produza na exposición.

TERCEIRA: OBRIGAS DA FUNDACIÓN

Coa sinatura deste convenio de colaboración quedan cedidos os dereitos de exposición pública das obras relacionadas no Anexo I mediante a súa exhibición no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, na forma pactada neste convenio.

A Fundación poderá utilizar algunha das obras para outras exposicións, previa solicitude por escrito con dez días naturais de antelación, podendo substituílas por outras similares.

CUARTA: CONTRAPRESTACIÓNS ECONÓMICAS.

A cesión da obra para a súa exhibición, será gratuíta, polo que o presente Convenio non leva compromiso de gasto para o Servizo Galego de Saúde/Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras e por este motivo non precisa de consignación orzamentaria.

QUINTA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

O Convenio extingúirase por incorrer nas causas de resolución recollidas no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Ademais, o presente convenio poderase rescindir cando o Servizo Galego de Saúde incorra nalgún dos seguintes supostos:

1) Abandone ou descoide as obras, ou lles ocasione algún deterioro grave.

2) Non permita que a persoa designada pola Fundación cedente practique as inspeccións que considere necesarias.

3) Destine as obras a fins diferentes aos indicados no convenio.

Podendo resolverse tamén por algunha das seguintes causas:

-Acordo de calquera das partes, manifestado por escrito e cunha antelación de 15 días antes da data de finalización da vixencia do convenio.

-Mutuo acordo entre as partes, manifestado por escrito.

-Incumprimento grave de calquera das partes sobre os termos do convenio.

SEXTA: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Constituirase a iniciativa de calquera das partes unha Comisión de seguimento do presente convenio, formada por dous representantes de cada unha das partes, que asumirá as seguintes funcións:

- 1 Impulsar e avaliar o cumprimento do Convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- 2 Interpretar, en caso de dúbida, o contido do presente convenio.
- 3 Propoñer ás partes, a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas, para o cumprimento do presente convenio. O incumprimento por calquera das partes, das cláusulas do presente convenio, poderá dar lugar á denuncia deste.

SÉPTIMA : VIXENCIA DO CONVENIO

O prazo de cesión das obras, para a súa exhibición, será de dous anos a contar dende a sinatura do presente convenio.

Non obstante, as partes de mutuo acordo poderán, en calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, acordar a súa prórroga, por un período de ata dous anos adicionais, ou a súa extinción.

OITAVA: CUESTIÓN LITIXIOSAS

O convenio terá natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas, sendo de aplicación subsidiaria os principios contidos no Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público e demais disposicións vixentes en materia de convenios e contratos, para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse para o seu cumprimento e execución.

A resolución dos problemas de interpretación e cumprimento serán resoltos pola Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

NOVENA: REXISTRO DE CONVENIOS, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO.

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente Convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración, por cuadriplicado e a un só efecto, no lugar e data indicada no encabezamento.

O Presidente do Servizo Galego de Saúde P.d. de data 22 de decembro de 2017 O xerente da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras	A Presidenta da Fundación Xaime Quesada Blanco
---	---

Asdo: Dionisio López Bellido

Asdo: María Jesús Blanco Piñeiro

ANEXO I

VESTÍBULO (ANDAR -1)

Título: **La Musica XLII**

Jaime Quessada

Data: Ano 2003.

Técnica: Óleo sobre tela.

Medidas: 200 x250 cm

Valoración: xxxxxxxx euros.

Estado de conservación: Bo

Título: **Fuga**

Jaime Quessada

Data: Ano 2.003

Técnica: Óleo sobre tela.

Medidas: 195 x 260 cm

Valoración: xxxxxxxx euros.

Estado de conservación: Bo.

Título: **OEXTRIMNIOS 3**

Jaime Quessada

Data: Ano 1.997

Técnica: Óleo sobre táboa.

Medidas: 60X60 cm.

Valoración: xxxxxxxx euros.

Estado de conservación: Bo.

Título: **OEXTRIMNIOS 12**

Jaime Quessada

Data: Ano 1995.

Técnica: Óleo sobre táboa.

Medidas: 60X60 cm.

Valoración: xxxxxx euros.

Estado de conservación: Bo.

Titulo: **OEXTRIMNIOS 14**

Jaime Quessada

Data: Ano 1997.

Técnica: Óleo sobre táboa.

Medidas: 60x60 cm.

Valoración: xxxxxxxx euros.

Estado de conservación: Bo.

Titulo: **OEXTRIMNIOS 28**

Jaime Quessada

Data: Ano 1997.

Técnica: Óleo sobre táboa.

Medidas: 60x60 cm.

Valoración: xxxxxxxx euros.

Estado de conservación: Presenta algunhas gritas na materia, na parte central que poden derivar na perda da mesma.

Titulo: **EI MEDULIO**

Jaime Quessada

Data: Ano 1992.

Técnica: Tinta china e sanguina sobre cartón.

Medidas: 70 x220 cm

Valoración: xxxxxxxx euros

Estado de conservación: Bo.

ANDAR PRIMEIRO

Titulo: **LA MÚSICA XXI**

Jaime Quessada

Data: Ano 2001.

Técnica: Óleo sobre tela.

Medidas: 70X65 cm.

Valoración: xxxxxxxx euros.

Estado de conservación: Bo.

Título: **LA MÚSICA XXV**

Jaime Quessada

Data: Año 2000.

Técnica: Óleo sobre tela.

Medidas: 70x65 cm.

Valoración: xxxxxx euros.

Estado de conservación: Bo.

Título: **LA MÚSICA XII**

Jaime Quessada

Data: Año 1996.

Técnica: Óleo sobre tela.

Medidas: 100x80 cm.

Valoración: xxxxxxxx euros.

Estado de conservación: Bo.

ANDAR SEGUNDO

Título: **LA MÚSICA XI**

Jaime Quessada

Data: Año 1996.

Técnica: Óleo sobre tela.

Medidas: 100x80 cm.

Valoración: xxxxxx euros

Estado de conservación: Bo.

Título: **LA MÚSICA X**

Jaime Quessada

Data: Año 1996.

Técnica: Óleo sobre tela.

Medidas: 100x80 cm.

Valoración: xxxxxxxx euros

Estado de conservación: Bo

ANDAR TERCEIRO

Título: **WIN ZIP XVIII**

Xaime Quesada Blanco

Data: Ano 2003.

Medidas: 100x80 cm.

Valoración: xxxxxxxx euros.

Estado de conservación: Bo.

Título: **WIN ZIP XI**

Xaime Quesada Blanco

Data: Ano 2003.

Medidas: 100x80 cm.

Valoración xxxxxxxx euros.

Estado de conservación: Bo

Título: **WIN ZIP XIII**

Xaime Quesada Blanco

Data: Ano 2003.

Medidas: 100x80 cm.

Valoración: xxxxxx euros.

Estado de conservación: Bo

ANDAR CUARTO

Título: **MATERIA ROJA 1**

Jaime Quessada

Data: Ano 2000.

Técnica: Técnica mixta sobre táboa.

Medidas: 122x94 cm.

Valoración:xxxxxx euros

Estado de conservación: Bo.

Titulo: **MATERIA ROJA 2**

Jaime Quessada

Data: Ano 2000.

Técnica: Técnica mixta sobre táboa.

Medidas: 122x94 cm.

Valoración: xxxxxx euros.

Estado de conservación: Bo

ANDAR QUINTO

Titulo: **LA MÚSICA II**

Jaime Quessada

Data: Ano 2001.

Técnica: Óleo sobre tela.

Medidas: 110x90 cm.

Valoración: xxxxx euros.

Estado de conservación: Bo

Titulo: **LA MÚSICA XXII**

Jaime Quessada

Data: Ano 2001.

Técnica: Óleo sobre tela.

Medidas: 110x90 cm.

Valoración: xxxxxxxx euros.

Estado de conservación: Bo.

ANDAR SEXTO

Titulo: **EXPRESIÓN 3 HERMANAS.**

Jaime Quessada

Data: Ano 1992.

Técnica: óleo sobre tela.

Medidas: 120x90 cm.

Valoración: xxxxxxxx euros.

Estado de conservación: Bo.

ANDAR SÉPTIMO

Título: **ABSTRACCIÓN VI.**

Jaime Quessada

Data: Ano 1.999

Técnica: Mixta sobre táboa.

Medidas: 130x110 cm.

Valoración: xxxxxx euros

Estado de conservación: Bo

Título: **ABSTRACCIÓN I**

Jaime Quessada

Data: Ano 1.999

Técnica: mixta sobre táboa.

Medidas: 130 x110 cm

Valoración: xxxxxx euros.

Estado de conservación: Bo.

DESPACHO DO XERENTE

Título: **ALBA**

Jaime Quessada

Data: Ano 1996.

Técnica: Óleo sobre tela.

Medidas: 70 x 50 cm

Valoración. xxxxxxxx euros.

Estado de conservación: Bo.

Título: **MATER AMANTÍSIMA.**

Jaime Quessada

Data: Ano 1996.

Técnica: Óleo sobre tela.

Medidas: 55x40 cm

Valoración: xxxxxx euros

Estado de conservación: Bo

Título: **IBIZA**

Jaime Quessada

Data: Ano 1980

Técnica: Óleo sobre tela.

Medidas: 89 x119 cm.

Valoración: xxxxxxxx euros

Estado de conservación: Presenta unha pequena rotura dunha fibra do lenzo na parte central da obra.